



PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E DE MATERIAL ESCOLAR PARA O ANO 2017-18

A Consellería de Cultura, Educación e O.U. publica a *ORDE do 16 de maio de 2017 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18.*

As instancias poderán obterse nas dependencias do centro, no portal educativo da Consellería ou ben na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (PARA TODO O ALUMNADO): do 23 de maio ao 23 de xuño de 2017

Tipo de axuda	Alumnado destinatario (1)	Renda per cápita (2)	
		Igual ou inferior a 5.400,00 €	Entre 5.400,01 € e 9.000,00 €
PARTICIPACIÓN EN FONDO SOLIDARIO Asignación de libros dispoñibles no centro por orde inversa á renda per cápita ata esgotar existencias.	3º, 4º, 5º e 6º de Primaria 1º, 2º, 3º e 4º de ESO	6 Libros	4 Libros
VALES DE AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO	1º e 2º de Primaria	170,00 €	90,00 €
VALES DE AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR	Primaria ESO	50,00 €	

REQUISITOS:

- (1) Ser pai/nai/titor ou titor/a legal do alumnado que espere realizar o curso referido nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2017/2018.
- (2) Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta a suma dos valores dos recadros 380 e 395 da declaración da renda do ano 2015 dividido entre o número de membros computables da familia a 31 de decembro de 2015. Os membros con discapacidades recoñecidas superiores ao 33% computan como dúas persoas.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

- **Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario no presente curso 2016/17.** Está excluído da obriga de devolución dos libros de texto e material reutilizable o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de Primaria. **O prazo máximo para devolver os libros é o 23 de xuño de 2017.** O alumnado de ESO con áreas pendentes poderá quedarse co libro correspondente ás áreas suspensas ata o 7 de setembro de 2017.
- **Conservar en bo estado os libros** de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no vindeiro curso escolar 2017/18 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR NA SECRETARÍA:

- Formulario ANEXO I cuberto e asinado por tódolos membros computables da familia que obteñan ingresos. A solicitude será ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS MATRICULADOS no centro e para calquera das axudas que se soliciten.
- Fotocopia **do libro de familia** completo. No caso de que o libro de familia non determine os membros computables da unidade familiar deberán achegar:
 - Sentencia de separación ou divorcio e convenio regulador ou
 - certificado de convivencia ou
 - informe dos servizos sociais do Concello.

PROCEDIMENTO

As SOLICITUDES serán tramitadas na secretaría do centro **por orde de presentación.**

As listas provisionais de beneficiarios publicaranse antes do 14 de xullo. As definitivas en Primaria antes do 21 de xullo e na ESO antes do 15 de setembro.

Os VALES serán emitidos ao longo dos prazos establecidos e recollidos por cada beneficiario nas dependencias do colexio. Poderán ser utilizados no establecemento que se desexe.